

CONCURSO DE CUÑAS RADIOFÓNICAS E VÍDEOS “POLO BO TRATO” CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2014

A Concellaría de Muller do Concello de Culleredo, con motivo do **Día contra a violencia de xénero**, convoca O **II CONCURSO DE CUÑAS RADIOFÓNICAS** e **I CONCURSO DE VÍDEOS CURTOS**, a fin de sensibilizar á poboación sobre a necesidade de eliminar este drama social que seguimos a sufrir na nosa comunidade.

BASES DO CONCURSO:

1.ALUMNADO: Poderá participar todo o alumnado de **4º da ESO**, individualmente ou por grupos de máximo de 3 participantes tanto para os vídeos ou para as cuñas.

2.FORMATO:

As cuñas terán unha duración máxima de **40 segundos** e poderá utilizarse calquera tipo de música, efectos sonoros e son ambiente, así como unha ou varias voces, ata o máximo de tres, sendo todas elas, dos propios participantes.

Os vídeos terán un máximo de duración de **2 minutos** e poderán realizarse dende o teléfono móbil, ou outro dispositivo compatible con formatos do tipo: avi, mpeg, wav O vídeo irá acompañado dos seguintes datos:

- Título orixinal
- Nome e apelidos dos/as autores/as
- Autorización para a utilización da imaxe persoal de cada participante para a difusión que se faga do traballo presentado.

3.CONTIDOS: Os contidos deberán ser en galego e valorarase máis o tratamento da **sensibilización na violencia de tipo emocional:** os micromachismos, a violencia da linguaxe, a dos medios, a das redes sociais, a sexual, económica... O resto do texto será completamente libre, tendo en conta que ha de servir para concienciar e sensibilizar á poboación, especialmente á xoven, contra a violencia de xénero.

4. COLABORACIÓN: Para a realización dos traballos, na parte técnica ou pedagóxica, poderase pedir asesoramento ao profesorado que se preste a colaborar, sexa de informática, de plástica, música...

4. ENVÍO: Os traballos de cuñas e videos enviarase ao correo igualdadeculleredo@gmail.com

5. PRAZO: A presentación dos videos e das cuñas poderán realizarse dende o día da publicación destas bases **ata o día 20 de novembro de 2014**

6.PREMIOS: Haberá un único premio por categoría: (*)

1º Premio para a cuñas: Un vale por valor de 150€ para consumo en tendas de deporte ou librarías da localidade.

1º premio para o video: Un vale por valor de 150€ para consumo en tendas de deporte ou librarías da localidade.

(*) No caso de presentarse traballos de alta calidade, o xurado valorará a posibilidade de entregar un segundo premio ou accesit en cada categoría, por valor de 100€ en cada unha delas.

O fallo do xurado será inapelable.

Os premios serán entregados no Centro escolar o mesmo día 25 de novembro, nun acto público.

7. DIVULGACIÓN: Os traballos gañadores, poderán utilizarse para fines educativos ou de sensibilización social relacionados coa prevención da violencia de xénero.

8. XURADO: O xurado estará formado por un/unha profesor/a do IES, dúas técnicas da Concellaría de Benestar e Muller, unha técnica da Concellaría de Educación, o director da radio local, Radioculleredo, e a Concelleira de Muller, que terá voz pero non voto.

10.ACEPTACIÓN DAS BASES: Tod@ participante acepta, de antemán, estas bases.